

Convenio de colaboración entre la Consellería de Cultura, Educación y Universidad de la Xunta de Galicia y la Fundación Alcohol y Sociedad

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación e Universidade,

DECLARA:

Que esta Consellería de Cultura, Educación e Universidade ten previsto formalizar coa Fundación Alcohol y Sociedad o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o finais do curso académico 2020-2021, isto é o día 31 de agosto de 2021, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería e a Fundación Alcohol y Sociedad en accións e actividades dirixidas á prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.



Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería é o departamento da Xunta de Galicia á que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Que o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia inclúe o ensino de hábitos de vida saudables (alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso) así como a prevención de enfermidades.

Que a Fundación Alcohol y Sociedad é unha entidade sen ánimo de lucro cuxa finalidade é a loita contra o consumo de alcol en colectivos de risco, (menores, condutores, embarazadas, etc.) entre os que destaca especialmente, os menores de idade. Entre os proxectos que desenvolve atópase o programa Pedagóxico “Menores ni una Gota”, que ofrece á Consellería.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, manifestando que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

José Luis Mira Lema

